



NOTIFICACIÓN

Polo presente poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26/01/2026, co quorum regulamentario, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

6.d Proposta de aprobación da convocatoria para premios do Festival de Comparsas 2026, con ocasión da celebración do Entroido (Exp. TEDeC 2026/A002/000001).- A

Xunta de Goberno Local coñece da proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

“Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 19.01.2026 aprobáronse as bases que van regular a celebración deste Festival de Comparsas,

No Pleno Municipal celebrado o día 26.01.2026 aprobouse a activación destas subvencións ao orzamento do exercicio actual (ao estar traballando co orzamento prorrogado do exercicio anterior), por importe de 2.400,00€,

Co fin de poder tramitar en tempo as solicitudes de participación neste Festival, tendo en conta que o evento terá lugar o día 13.02.2026 e que a tramitación deste expediente tamén require o seu traslado á BDNS,

Á vista do exposto, e considerando de interese que se realice de novo neste ano o Festival de Comparsas, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a convocatoria do indicado concurso, que se regulará polas referidas bases.

2º.- Aprobado o gasto, por importe de 2.400,00€, con cargo á partida 338 48005 do orzamento de gastos.

3º.- Consonte co establecido na vixente normativa, ordenar a publicación de ditas bases reguladoras no BOP da Provincia da Coruña, remitíndose a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que trasladará ao citado BOP o extracto da mesma, producíndose a eficacia da convocatoria coa publicación do extracto no BOP da Provincia da Coruña.

Todo elo sen prexuízo da publicación das bases e convocatoria no Taboleiro de edictos do Concello, páxina web do mesmo www.neda.gal, prensa e redes sociais. Igualmente estarán a disposición das persoas interesadas, nas oficinas municipais sitas no primeiro andar da Casa do Concello.

4º.- Traslado este acordo á Concellería de Cultura, para o seu coñecemento e publicidade da convocatoria deste Certame e das bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno Local dáse por informada e, por unanimidade, acorda aprobar a anterior proposta, quedando convertida en acordo nos termos nos que se deixa transcrita.

En Neda, na data que se indica na firma dixital.

*O Secretario Xeral do Concello,
Asdo.: Alejandro R. Antelo Martínez.*

Servizos Económicos do Concello.
Neda.